

Sesión do 14 de marzo de 2023

A revolución bailando



La revolución bailando. España, 2020. Cor, 64 min. Documental | **Dirección:** Julia Rebato, Eli Martín | **Guión:** Julia Rebato, Almudena Saíz | **Música:** Las Chillers | **Elenco:** Intervencións de Las Chillers | **Produción:** Focus Films

SINOPSE

Documental que percorre a historia das Chillers, un grupo musical feminino referente do underground madrileño e da defensa dos dereitos LGTBIQ+. Son seis mulleres que se xuntaron co fin de divertirse e pasalo ben e acabaron liderando unha revolución a golpe de música, amor libre e *bo rollo*. Decidiron facer esa revolución bailando e lanzar unha mensaxe feminista e libre coherente co seu compromiso activista.

NOTAS DA PELÍCULA E ENTREVISTA COA DIRECTORA

Cal foi o teu primeiro contacto coas Chillers?

Foi inesperado. O meu amigo Eli, o outro director do documental, avisoume de que estaba a seguir a un grupo de mozas en concertos e facendo gravacións. Convidoume a un concerto e contoume a súa historia. Motivoume o feito de que fosen mulleres, abertamente lesbianas e unhas punkis que se puxesen a facer unha versión do que lles dese a gana. Levantaban a todo o mundo do sitio.

Como foi o labor de recompilación de imaxes?

Todas as imaxes de concerto son nosas. Eli levábaas seguindo case dende o primeiro momento no que comezaron a pisar os escenarios e tiña 80 horas de material en bruto. O que pasa é que ese material vaise limpando. O das entrevistas si que foi difícil, organizar ás Chillers foi complicado. Anos despois coñecín a Almudena, a irmá de Rocío, e comprometeuse a axudarme a terminar o documental. Axudoume a xestionar as entrevistas no bar dunha amiga, e grazas a iso puidose rematar.

O seu camiño cruzouse coas Chillers cando o grupo atravesaba o seu mellor momento. Con todo, a forza das integrantes foi esgotándose co paso do tempo: “Ao final -razoa a directora- cada unha ten a súa vida e a industria da música non da para comer”. Explicano elas mesmas no documental. “Entrevistámolas para que contasen como fora a separación e esta viaxe, tanto profesional como emocional. “Mirando a cámara e falando vese o

seu punto de vista máis humano; creo que se lles pode ver, en ocasións, un pouco tristes pola finalización do grupo”.

O bo e o malo, todo queda plasmado no documental onde, por suposto, non podía faltar a polémica xerada en Molina de Segura (Murcia) nun concerto en 2018. Recibiron críticas, insultos e unha onda de odio despois de que a cantante, Rocío Saiz, como facía en todos os espectáculos, ensinase os seus peitos. Un episodio que nunca lles parou os pés: “Era unha cousa que Rocío levaba facendo moito tempo e que a ninguén lle molestaba. Desde que subía ao escenario facía activismo e defendía os seus dereitos como ser humano, como muller e, no seu caso, como lesbiana. Quería facerse notar e, ante todo, contar unha historia a través da música”, opina Rebato.

FONTES:

<https://www.filmaffinity.com/es/film967023>

<https://masdecultura.com/audiovisual/la-revolucion-bailando-el-documental-de-julia-rebato-sobre-las-chillers/>

<https://masdecultura.com/audiovisual/la-revolucion-bailando-el-documental-de-julia-rebato-sobre-las-chillers/>